



A UNIÓN EUROPEA



Bandeira da Unión Europea (Vectorportal.com-CC BY 4.0)



ÍNDICE

A UNIÓN EUROPEA

1. A UNIÓN EUROPEA.....	1
1.1 As orixes da Unión Europea. A CECA, a Euratom e a Comunidade Económica Europea.....	1
<i>Exercicios</i>	3
1.2 O proceso de ampliación da Unión Europea: da Europa dos seis á Europa dos vinte e sete.	3
1.3 A evolución do proxecto europeo: da CEE á Unión Europea. Tratados fundamentais do proceso de integración.....	5
<i>Exercicios</i>	6
1.4 As institucións da Unión Europea. Estrutura, funcións e características.....	8
<i>Exercicios</i>	10
SOLUCIÓNS.....	11

1. A UNIÓN EUROPEA

A Unión Europea é unha organización supranacional que na actualidade agrupa 27 países de Europa. O obxectivo principal é promover a paz, a estabilidade política, o desenvolvemento económico e a cooperación entre os Estados membros. Na orixe, naceu como resposta á destrución provocada polas guerras mundiais e ao desexo de garantir que nunca máis se repetisen conflitos semellantes no continente.

O proceso de construción da Unión Europea foi progresivo e atravesou distintas fases dende os anos cincuenta do século XX ata a actualidade. Así, a integración foi avanzando dende a cooperación económica en sectores concretos ata a creación dun mercado único, a implantación dunha moeda común, o *euro*, e a posta en marcha de políticas compartidas en materias como o ambiente, a educación, a investigación ou os dereitos fundamentais.

A importancia da Unión Europea é múltiple. Non só representa unha das maiores economías do mundo, senón que tamén constitúe un espazo de liberdade e democracia, ademais de ser un actor clave na escena internacional.

1.1 As orixes da Unión Europea. A CECA, a Euratom e a Comunidade Económica Europea

Logo da Segunda Guerra Mundial, Europa atopábase fronte a un panorama de ruína material e fractura política. Ante a división do mundo en bloques, resultaba imprescindible para o mundo occidental unha reconciliación entre Francia e Alemaña, que foran o núcleo dos grandes conflitos que sacudiran o continente durante o século XX. Neste contexto, xorde a Comunidade Europea do Carbón e do Aceiro (CECA), a Comunidade Europea da Enerxía Atómica (Euratom) e, especialmente, a Comunidade Económica Europea, proxectos que sentarían as bases da actual Unión Europea.



Mapa dos países fundadores da CECA e a súa bandeira (VateGV-CC BY SA 4.0)

A CECA foi establecida no ano 1952 mediante o Tratado de París (1951). Esta foi a primeira experiencia de cesión de soberanía nacional a unha entidade supranacional europea. Os seus membros fundadores, Bélxica, Francia, Italia, Luxemburgo, Países Baixos e a República Federal Alemá, compartían o obxectivo de reconstrución territorial despois da guerra e de recuperación económica, así como de convivencia pacífica entre eles. A través desta institución estableceuse un mercado común do carbón e do aceiro, eliminando os dereitos aduaneiros. Deste modo desmantelábase a base industrial-militar que alimentara as guerras anteriores, pois o control conxunto destes recursos evitaba que calquera Estado os desviase para fins bélicos.



Esta organización contaba con institucións que naquel momento foron consideradas revolucionarias, como a Alta Autoridade, antecedente da actual Comisión Europea, que tomaba as decisións por maioría, independentemente dos gobernos nacionais. Completábase unha Asemblea Común (orixe do Parlamento Europeo), un Consello Especial de Ministros Nacionais e un Tribunal de Xustiza. Esta estrutura organizativa foi o modelo para as futuras institucións da Unión Europea.

O 25 de marzo de 1957, os mesmos países que asinaron no ano 1952 o Tratado de París para a creación da CECA, asinaron en Roma dous tratados que marcan o auténtico inicio da integración europea. Por unha banda, o tratado que crea a Comunidade Europea da Enerxía Atómica (Euratom) e, por outra, o tratado que establece a Comunidade Económica Europea (CEE).

A Euratom pretendía crear un organismo que contribuíse a desenvolver unha industria nuclear pacífica. Esta organización procuraba desenvolver un sector enerxético de orixe nuclear que garantise o abastecemento, contribuíse a modernizar a economía e a promover a paz. Neste contexto, a Euratom asume tarefas claves que irán dende a investigación ata a seguridade, pasando polo control dos propios materiais. Ademais, para evitar desvíos militares, estableceuse a Axencia de Subministración, con monopolio sobre a compravenda dos materiais nucleares e un corpo de inspectores que supervisan as instalacións dos países membros.

A Comunidade Económica Europea tiña como obxectivo central a creación dun mercado común, baseado na libre circulación dos bens, servizos, persoas e capitais. Para iso estableceuse unha unión aduaneira e comezaron a deseñarse políticas comúns, como a política agraria común (PAC).

O Tratado de Roma representaba deste xeito un salto cualitativo respecto da CECA, xa que, mentres que esta tiña un carácter sectorial, a CEE pretendía unha integración económica máis global, con vocación de futuro e unha estrutura institucional sólida.



EXERCICIOS

Exercicio 1

Di se as seguintes afirmacións son verdadeiras ou falsas. En caso de seren falsas, debes corrixilas.

- a) A CECA foi a primeira experiencia de cesión de soberanía nacional a unha entidade europea.
- b) A CECA foi creada no Tratado de Roma.
- c) A Euratom tiña como finalidade principal desenvolver unha industria nuclear con fins militares.
- d) A Comunidade Económica Europea tiña como obxectivo central a creación dun mercado común baseado na libre circulación dos bens, servizos, persoas e capitais.

Exercicio 2

Cal dos seguintes países non asinou o Tratado de Roma?

- a) Francia
- b) Reino Unido.
- c) Bélxica.
- d) Italia.

1.2 O proceso de ampliación da Unión Europea: da Europa dos seis á Europa dos vinte e sete

Dende a súa orixe como Comunidade Económica Europea (CEE) en 1957, formada só por seis países, o proxecto europeo foi incorporando progresivamente novos membros ata chegar aos 27 actuais. Esta ampliación progresiva da UE reflicte tanto a atracción do modelo europeo como os cambios políticos vividos en Europa nas últimas décadas.

A primeira ampliación tivo lugar en 1973, coa entrada do Reino Unido, Irlanda e Dinamarca. Foi un paso importante que lle outorgou ao proxecto europeo unha dimensión atlántica e insular.

En 1981 uniuse Grecia e, un pouco máis tarde, en 1986, España e Portugal, logo de superar as súas ditaduras e iniciar os seus procesos de democratización. Estas incorporacións


reforzaron o carácter democrático da UE e ampliaron o seu alcance xeográfico e cultural, contribuíndo á modernización económica do sur de Europa.

Co final da Guerra Fría e sendo a neutralidade un concepto cada vez menos importante, dous países do norte de Europa e un de Europa Central decidiron unirse á UE. Estes países foron Suecia, Finlandia e Austria. Estes Estados achegaron estabilidade institucional, economías fortes e compromiso co ambiente e o benestar social.

A ampliación máis numerosa chegou no ano 2004, despois do proceso de democratización dos antigos países do bloque soviético. Neste momento ingresan dez novos países: Polonia, Hungría, Chequia, Eslovaquia, Eslovenia, Estonia, Letonia, Lituania, Malta e Chipre. Esta ampliación supuxo un fito histórico que simbolizou a reunificación de Europa tras décadas de división ideolóxica e política.

A esta grande ampliación seguíronlle outras dúas. En 2007 ingresaron Bulgaria e Romanía e en 2013 incorporouse Croacia, o último país en unirse ata o momento.

A Evolución da Unión Europea




Unha cuestión singular foi a saída da Unión Europea do Reino Unido. Este país, que ingresara no ano 1973, celebrou un referendo en 2016 no cal decidiu abandonar a UE. Este proceso culminou en 2020, cando o país saíu oficialmente da Unión, nun feito sen precedentes coñecido como *Brexit*.

Estes procesos de ampliación non estiveron exentos de exigencias. A partir de 1993 aprobáronse os denominados **Criterios de Copenhague**, que recollen que os países candidatos deben cumprir criterios estritos en canto á democracia, economía de mercado e respecto aos dereitos humanos.

En xeral, as ampliacións contribuíron a reforzar a estabilidade, a democracia e o desenvolvemento económico en Europa, máis tamén puxeron sobre a mesa retos importantes, como as desigualdades económicas entre os países, o aumento da diversidade cultural e política, a toma de decisións nunha organización cada vez máis numerosa ou a crecente complexidade institucional.

Na actualidade, varios países aspiran a entrar na Unión Europea, como Ucraína, Albania ou Serbia, pero os procesos de adhesión son longos e complexos e dependen tanto das reformas internas dos candidatos como da vontade política dos Estados membros.



Mapa da Unión Europea 2025 (Kolja21-CC BY 3.0)

1.3 A evolución do proxecto europeo: da CEE á Unión Europea. Tratados fundamentais do proceso de integración

O proceso de integración europea é unha experiencia política ambiciosa e singular. Dende a súa orixe como proxecto de cooperación económica nos anos cincuenta, a construción europea foi ampliando os seus obxectivos e as competencias ata converterse nunha unión política, económica e social de gran complexidade. Esta evolución dende a Comunidade Económica Europea ata a actual Unión Europea estivo marcada por unha serie de tratados fundamentais que redefiniron as institucións e os mecanismos de funcionamento da organización. As etapas máis destacadas foron as seguintes:

- **Do Tratado de Roma á Acta Única Europea (1957-1986):** o principal obxectivo durante este período foi establecer un mercado común europeo, baseado na libre circulación dos bens, servizos, persoas e capitais, así como desenvolver políticas comúns en ámbitos como a agricultura ou o comercio exterior. En 1986, coa sinatura da Acta Única Europea, deuse un paso importante e estableceuse a base legal para a creación do mercado interior único. Este tratado tamén ampliou as competencias comunitarias a novos ámbitos, como o ambiente e a política social, reforzando, ademais, a cooperación política entre os Estados membros.



- **O Tratado de Maastricht (1992):** marca o nacemento da Unión Europea, o que supuxo un salto político moi importante, ao ampliar o proxecto máis alá da economía. A partir deste momento, ás bases existentes anteriormente (CEE, Euratom e CECA) hai que engadirle unha política exterior e de seguridade común (PESC) e a cooperación en asuntos de xustiza e interior. Ademais, introduce o concepto de cidadanía europea e senta as bases para a unión económica e monetaria, que culminaría co lanzamento do euro.
- **As reformas institucionais de Ámsterdan (1997) e Niza (2001):** ante a previsión dunha grande ampliación dos países membros, estes tratados contribuíron a adaptar as institucións europeas á nova situación. Así, modificáronse os procedementos de voto no Consello, o número de deputados no Parlamento Europeo e o funcionamento da Comisión. Outras reformas adicionais estiveron vinculadas co reforzamento da dimensión social da UE e os ámbitos relativos á seguridade e á xustiza.
- **O Tratado de Lisboa (2007):** foi concibido como unha alternativa á fracasada Constitución Europea, rexeitada en referendo por Francia e os Países Baixos en 2005. Pretende consolidar a UE coma unha entidade única con personalidade xurídica. Para conseguir este obxectivo reforza os poderes do Parlamento Europeo, mellora a visibilidade internacional da UE coa introdución da figura do presidente do Consello Europeo e o do Alto Representante para Asuntos Exteriores, simplifica os procedementos de votación e fai obrigatoria a Carta de dereitos fundamentais da UE.

EXERCICIOS

Exercicio 3

Di se as seguintes afirmacións son verdadeiras ou falsas. En caso de seren falsas, debes corrixilas.

- a) A primeira ampliación da Comunidade Económica Europea tivo lugar no ano 1981 coa entrada de Grecia, España e Portugal.
- b) Os *Criterios de Copenhague* establecen que os países candidatos deben ter unha economía planificada e forte presenza estatal.
- c) A Acta Única Europea ampliou as competencias comunitarias a ámbitos como o ambiente e a política social.
- d) O Tratado de Maastricht creou a cidadanía europea e puxo as bases para a implantación do euro.



Exercicio 4

Cal destes países non se incorporou á Unión Europea na grande ampliación de 2004?

- a) Polonia.
- b) Romanía.
- c) Letonia.
- d) Malta.

Exercicio 5

Cal das seguintes reformas está asociada ao Tratado de Niza?

- a) A creación do euro.
- b) O establecemento do mercado común.
- c) O reforzo da cidadanía europea.
- d) A adaptación institucional para futuras ampliacións.

Exercicio 6

Que acontecemento político levou á saída do Reino Unido da Unión Europea?

- a) Unha decisión do Parlamento Europeo.
- b) Un referendo realizado no Reino Unido en 2016.
- c) A negativa a adoptar o euro.
- d) A aplicación dos *Criterios de Copenhague*.

Exercicio 7

Cal dos seguintes tratados supuxo a creación oficial da Unión Europea?

- a) O Tratado de Roma.
- b) O Tratado de Niza.
- c) O Tratado de Maastricht.
- d) O Tratado de Lisboa.

1.4 As institucións da Unión Europea. Estrutura, funcións e características

O sistema institucional da Unión Europea está deseñado para garantir o equilibrio entre os intereses dos Estados membros, das institucións comúns e da cidadanía europea. Estas institucións teñen competencias concretas e interdependentes, e o seu funcionamento está regulado polos distintos tratados da UE, especialmente o Tratado de Lisboa (2007), que é o que consolidou a estrutura actual. Comprender como funcionan estas institucións é esencial para entender como se toman as decisións que afectan máis de 400 millóns de cidadáns europeos.

As principais institucións europeas son as seguintes:


- **O Parlamento Europeo:** é a institución representativa da cidadanía europea. Os seus membros son elixidos, cada cinco anos, por sufraxio universal polos cidadáns dos Estados membros. Ten a súa sede en Estrasburgo e entre as súas funcións está a de legislar (función que comparte co Consello da UE), aprobar os orzamentos e controlar as demais institucións, especialmente a Comisión Europea.
- **O Consello da Unión Europea** (ou Consello de Ministros): reúne os ministros dos gobernos nacionais dos Estados membros, en función da materia que se vai tratar. As súas funcións principais son legislar (xunto co Parlamento Europeo), coordinar as políticas dos Estados membros e aprobar o orzamento europeo.
- **A Comisión Europea:** é o órgano executivo da UE, encargado de defender os intereses xerais da Unión por riba dos intereses nacionais. A súa composición é de un comisario por cada Estado membro, incluído o presidente da Comisión. Ten a súa sede en Bruxelas. Entre as súas funcións está propoñerlle leis ao Parlamento e ao Consello, vixiar o cumprimento dos tratados, xestionar o orzamento e representar a UE a nivel internacional.
- **O Consello Europeo:** representa o máximo nivel de cooperación política entre os Estados membros. A súa función principal é definir as orientacións estratéxicas e as prioridades políticas da UE. Non aproba leis, pero marca o rumbo político da Unión. Está integrado polos xefes de Estado e de goberno dos países membros, polo presidente do Consello Europeo e polo presidente da Comisión Europea. A figura do presidente do Consello Europeo é elixida por maioría cualificada para un mandato de 2,5 anos renovable unha vez.



Sede do Parlamento Europeo (David Ortega CC BY-NC-SA 2.0)

- **Tribunal de Xustiza da Unión Europea:** ten a súa sede en Luxemburgo. É o órgano xudicial da UE e actúa coma garante da interpretación e aplicación correcta do dereito comunitario. Entre as súas funcións está resolver os conflitos entre os Estados e as institucións e actuar en caso de infraccións dos tratados ou de vulneración dos dereitos.
- **Banco Central Europeo:** ten a súa sede en Frankfurt. Dirixe a política monetaria da Zona Euro. A súa función principal é garantir a estabilidade dos prezos e controlar a inflación.
- **Tribunal de Contas Europeo:** con sede en Luxemburgo. Ten como misión controlar a boa xestión financeira dos fondos europeos. Verifica que os ingresos e os gastos da UE sexan legais e correctos.

Institucións da UE





EXERCICIOS

Exercicio 8

Di se as seguintes afirmacións son verdadeiras ou falsas. En caso de seren falsas, debes corrixilas.

- a) O Parlamento Europeo é elixido por sufraxio indirecto polos parlamentos nacionais.
- b) O Consello Europeo está composto polos xefes de Estado ou de goberno dos países membros.
- c) A Comisión Europea é o órgano lexislativo principal da UE.
- d) O Banco Central Europeo ten entre os seus obxectivos garantir a estabilidade dos prezos.

Exercicio 9

Cal destas funcións corresponde ao Parlamento Europeo?

- a) Emitir o euro e controlar a inflación.
- b) Propoñer leis e coordinar políticas nacionais.
- c) Aprobar os orzamentos e controlar a Comisión Europea.
- d) Resolver conflitos legais entre os Estados membros.

Exercicio 10

Que institución marca as prioridades políticas e a orientación estratéxica da Unión Europea?

- a) O Parlamento Europeo.
- b) A Comisión Europea.
- c) O Tribunal de Contas Europeo.
- d) O Consello Europeo.



SOLUCIÓN

Exercicio 1

- a) A CECA foi a primeira experiencia de cesión de soberanía nacional a unha entidade europea. **Verdadeiro**
- b) A CECA foi creada no Tratado de Roma. **Falso. A CECA foi creada no Tratado de París.**
- c) A Euratom tiña como finalidade principal desenvolver unha industria nuclear con fins militares. **Falso. A Euratom tiña como finalidade principal desenvolver unha industria nuclear pacífica.**
- d) A Comunidade Económica Europea tiña como obxectivo central a creación dun mercado común baseado na libre circulación dos bens, servizos, persoas e capitais. **Verdadeiro.**

Exercicio 2

- b) Reino Unido.

Exercicio 3

- a) A primeira ampliación da Comunidade Económica Europea tivo lugar no ano 1981 coa entrada de Grecia, España e Portugal. **Falso. A primeira ampliación tivo lugar no ano 1973 coa entrada do Reino Unido, Irlanda e Dinamarca.**
- b) Os *Criterios de Copenhague* establecen que os países candidatos deben ter unha economía planificada e forte presenza estatal. **Falso. Os *Criterios de Copenhague* exigen que os países candidatos teñan unha economía de mercado, non unha economía planificada.**
- c) A Acta Única Europea ampliou as competencias comunitarias a ámbitos como o ambiente e a política social. **Verdadeiro.**
- d) O Tratado de Maastricht creou a cidadanía europea e puxo as bases para a implantación do euro. **Verdadeiro.**



Exercicio 4

- b) Romanía.

Exercicio 5

- d) Adaptación institucional para futuras ampliacións.

Exercicio 6

- b) Un referendo celebrado no Reino Unido en 2016.

Exercicio 7

- c) O Tratado de Maastricht.

Exercicio 8

- a) O Parlamento Europeo é elixido por sufraxio indirecto polos parlamentos nacionais. **Falso. É elixido por sufraxio universal directo.**
- b) O Consello Europeo está composto polos xefes de Estado ou de goberno dos países membros. **Verdadeiro.**
- c) A Comisión Europea é o órgano lexislativo principal da UE. **Falso. É un órgano executivo, non lexislativo.**
- d) O Banco Central Europeo ten entre os seus obxectivos garantir a estabilidade dos prezos. **Verdadeiro.**

Exercicio 9

- c) Aprobar os orzamentos e controlar á Comisión Europea.

Exercicio 10

- d) O Consello Europeo.